



COMEDOR ESCOLAR 2020/2021

O prazo de solicitudes de comedor escolar estará aberto dende o **25 de xuño ao 9 de xullo** (ambos inclusive)

A orde establecida pola consellería para o baremo dos usuarios con dereito a praza é o que aparece na solicitude. A documentación a presentar ven establecida na solicitude en función da situación na que se atopen.

A **solicitude** deberá vir acompañada do Anexo II modelo de autodeclaración da renda correspondente ao exercicio fiscal 2019(debidamente cumprimentado) salvo o alumnado seguinte:

- Exclusión social
- Acollemento
- Discapacidade
- Víctimas de terrorismo ou violencia de xénero

A **renda per cápita familiar** obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do **exercicio 2019**:

CASIÑA 435 + CASIÑA 460 – CASIÑA 595

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as **rendas** obtidas por ambos cónxuxes.

Se un dos proxenitores **non fixo a declaración da renda** precisará os **datos fiscais** para realizar o cálculo.

Para facer o cálculo cos datos fiscais hai que facer a seguinte operación:

Casiña 0003 (retribucións dinerarias) + casiña 0027 (intereses) – casiña 0013 (cotizacións seguridade social) – casiña 0596 (retencións procedentes do traballo) – 0597 (retencións procedentes do capital mobiliario)

Para determinar a **unidade familiar** existen 2 modalidades:

- No caso de matrimonio : a unidade familiar está integrada polos cónxuxes e fillos (menores de 18 anos ou maiores incapacitados)
- En ausencia de matrimonio, casos de separación ou parellas de feito: a unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos